

portada titulada de «Oferta relativa a outros criterios obxectivos de adxudicación, ademais do prezo».

10. **Presentación de proposicións:** as proposicións presentaranse no rexistro xeral do concello de luns a venres das 9.00 ás 14.00 horas e sábados das 10.00 ás 13.00 horas, no prazo de trece días naturais (13), contados a partir do día seguinte ao da data de publicación do último anuncio de licitación no BOP de Ourense ou no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día coincide con domingo ou festivo, entenderase que o último día do prazo se trasladará ao día hábil seguinte, tamén por correo nos termos previstos na cláusula 9ª do P.C.A.P.

11. **Apertura de proposicións:** segundo a cláusula 11ª do P.C.A.P. logo de constitución da mesa de contratación; apertura e clasificación de documentación «sobre A», ás 13.30 horas do día seguinte ao do remate do prazo para presentar proposicións (sábados excluídos), e apertura de oferta económica e técnica do «sobre B», ás 13.30 horas do primeiro luns posterior ao día da apertura do sobre A.

12. **Formalización do contrato:** dentro dos 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da recepción polo adxudicatario da notificación da adxudicación definitiva.

13. **Gastos do expediente:** por conta do contratista adxudicatario.

14. **Máis información e copias pregos:** Secretaría Xeral-Contratación (tfn. 988 32 02 02/988 32 00 10; fax. 988 32 59 78). Concello do Barco de Valdeorras. Pza./ do Concello, nº 1 32300 O Barco de Valdeorras (Ourense) e [www.concellodobarco.org](http://www.concellodobarco.org).

O Barco de Valdeorras, 4 de setembro de 2008.

Alfredo L. García Rodríguez  
Alcalde-presidente

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

*Anuncio relativo a interpretación sobre réxime de solo aplicable a zonas de residencial intensiva do Plan Xeral de Ordenación Urbana en función das determinacións da disposición transitoria 1ª da LOUG.*


A Xunta de Goberno local, en sesión do 21 de xullo de 2008, adoptou acordo sobre a interpreta-

ción do réxime de solo aplicable a zonas de residencial intensiva do PXOU en función das determinacións da disposición transitoria 1ª da LOUG, no exercicio das súas competencias regradas á hora de axuizar as solicitudes de licenza urbanística e dentro das atribucións esexéticas atribuídas ao concello, establecendo os seguintes criterios interpretativos:

1º. Determinar, con carácter xeral, que as parcelas incluídas dentro do solo urbano asistemático polo vixente PXOU, que na actualidade contan con fronte a vía pública totalmente urbanizada consonte as determinacións do plan e con todos os servizos polo lateral á vía existente que sirva á edificación que se vai construír teñen a consideración de solo urbano consolidado aínda que dispoñan doutras fronteas a vías sen urbanizar.


2º. A sensu contrario, aqueles predios incluídos dentro do solo urbano asistemático do PXOU que non contan na actualidade con fronte á urbanización efectiva e asumida polo planeamento aplicaráselles o réxime de solo urbano non consolidado.

3º. As parcelas ou soares de solo urbano incluídas no eido das ordenanzas residencial intensiva e central con fronte a unha vía completamente urbanizada (urbanización efectiva e asumida polo plan sen prexuízo de pequenas obras complementarias), e outro paralelo inexistente, sen que no rúeiro conste aliñación interior cara ao patio de cuarteirón (por exemplo na avda. de Lugo coa traseira á vía que bordea Valdecorvos ou na Seca coa traseira á vía que bordea Tafisa) aplicaráselles o réxime de solo urbano consolidado, sempre que concorran as circunstancias previstas no punto primeiro.



4º. Supostos en que a parcela ou soar entesta cunha vía plenamente urbanizada segundo OPXOU polo que pode tomar todos os servizos e con outro ou

outros perpendicular/es e/ou paralelo/s a este e inexistentes neste momento, co alifiações interiores paralelas á vía urbanizada.



Determinouse non só o réxime aplicable senón tamén o alcance da condición de soar, achégase informe aclaratorio emitido polo arquitecto xefe da OTPXU, no que podemos concluír o seguinte:

4º.1. Parcelas con fronte a unha vía urbanizada en que a propia ficha de rúeiro e planos do PXOU establecen un fondo delimitado graficamente: as alifiações interiores e exteriores do PXOU determinan o alcance do solo apto para edificar ou do réxime de solo urbano consolidado.

4º.2. Parcelas con fronte a unha vía urbanizada en que a ficha de rúeiro e planos do PXOU non establecen un fondo delimitado graficamente: o alcance do solo apto para edificar por licenza directa ou aquel no que é de aplicación o réxime do solo urbano consolidado é o correspondente a un fondo igual ao edificable en altura segundo alifiação interior, que se incrementará en catro metros cando sexa igual ou inferior a 16 m tal e como se detalla no informe do arquitecto da OTPXU que se achega con este e polos motivos que nel se recollen en interpretación analóxica.

As obras de urbanización dos treitos de viarios ou espazos libres que se efectúen terán a consideración de obras ordinarias.

-Esta interpretación é aplicable a supostos substancialmente coincidentes cos expresados.

-O concello procederá á delimitación de polígonos segundo o procedemento establecido no artigo 117 da LOUG, respecto daqueles terreos non incluídos en unidades de actuación que merezan a condición de solo urbano non consolidado.

O que se fai público para xeral coñecemento e executividade do acordo.

Pontevedra, 30 de xullo de 2008.

Teresa Casal García  
Tenente alcaldesa delegada da Área de Urbanismo

*Anuncio de aprobación inicial do proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana no ámbito da parcela propiedade da ONCE sita entre a rúa Luis Braille e o Instituto Torrente Ballester.*

Na sesión ordinaria do Pleno deste concello, que tivo lugar o día 18-7-2008, entre outros, adoptouse o seguinte acordo:

«Primeiro.-Prestar aprobación inicial ao proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Pontevedra no ámbito da parcela de equipamento propiedade da Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE), ref. catastral 9469603NG2996N0001QM, sita entre as rúas Luis Braille nº 40, rúa Santa Lucía e Camiño das Abilleiras, dentro do solo urbano consolidado, para a creación dunha nova área de repartición de solo urbano non consolidado de uso residencial e de equipamento público e a súa reordenación urbanística con ordenación detallada, será o instrumento de ordenación de modificación do PXOU, o redactado polo arquitecto municipal xefe da Oficina de Planeamento e Xestión Urbanística datado en marzo de 2008 que introduce as modificacións subsecuentes ás observacións efectuadas no informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do 18-10-2007 e, así mesmo, aprobar inicialmente o convenio suscrito o 13-7-2006, polo concello e a ONCE, convenio que formará parte do referido proxecto de modificación.

Segundo.-Dispoñer o sometemento deste expediente a información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, BOP, taboleiros de editos no Concello de Pontevedra e en dous dos xornais de maior difusión da provincia, con notificación individual aos interesados propietarios de predios incluídos no eido da UA 25 do PXOU para os efectos de que durante tal período poidan formularse as alegacións e suxestións oportunas, computarase o momento inicial do prazo de alegacións desde o día seguinte ao da publicación do primeiro anuncio e ata o transcurso do prazo dun mes computado desde a última das publicacións referidas...».

O que se fai público para xeral coñecemento significándose que calquera interesado poderá examinar no Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico deste concello (rúa Churruchaos nº 2 desta cidade) a documentación inicialmente aprobada, e formular as alegacións que coide pertinentes.

Pontevedra, 4 de agosto de 2008.

Teresa Casal García  
Tenente alcaldesa delegada da área de Urbanismo  
José Carlos Castiñeira Piñeiro  
Secretario da Administración municipal por acumulación de funcións